

# A POESÍA DE MANUEL RIVAS



BEATRIZ FERRADÁS PACHECO 2ºBACH A

# A SÚA CONCEPCIÓN DA POESÍA

- ❖ Define á poesía "como o activismo do sentir", cre que os grandes problemas actuais son de carácter cultural e que a poesía é a vangarda que detecta eses problemas "ante tanta contaminación".
- ❖ Di que a pesar de que a poesía galega ten trazas que veñen determinadas por "a terra e a historia", é como toda poesía de carácter universal e por tanto produce "unha voz libertaria e insurxente".



Así, o poeta coruñés "non concibe unha poesía submisa ao servizo do poder ou dunha doutrina" senón como unha forma de loitar contra "a contaminación do sentido".


# COMEZOS POÉTICOS

- ❖ Remóntanse aos tempos en que en Madrid, onde estudaba xornalismo, formou parte do equipo que confeccionaba a revista artesanal Loia (1977)
- ❖ Desde estes inicios (a 1ª entrega individual de Rivas, Libro de Entroido, 1980)



o autor galego demostra un importante impulso lírico en paralelo a outras manifestacións literarias súas máis


populares:  narrativa  
xornalismo



- ❖ A selección da antoloxía poética de *O pobo da noite* (xa traducida ao castelán):
  - Recolle mostras dun quinteto de libros publicados entre 1980 e 1995.
  - A lista ábrese e pecha cos volumes xa citados
  - Cabería destacar o título do cuarto, *Ningún cisne* (1989)

- ❖ En efecto, na poesía galega publicada na década dos oitenta
  - ↗ tediosamente culturalista
  - ↘ estetizante

, Manuel Rivas veu significar unha porta aberta ao campo cunha poética



Trufa o seu discurso con citas e retrousos  
tomadas prestadas doutros autores

# A ESPONTANEIDADE

- ❖ Nunha 1ª lectura da poesía de Manuel Rivas, salta á vista
- ❖ Reelaborada por séculos de tradición literaria á que Rivas non é alleo.



Detrás da sinxeleza e naturalidade rivasianas están unha sólida preparación cultural, un coidado minucioso á hora de engarzar o léxico, un finxido desprezo pola métrica que se aquí é allea ás alquimias hoxe habituais consente a estrutura versolibérrima.

- ❖ Todo isto é a poesía de Manuel Rivas, en si non é da experiencia, mais esta está reflectida co suficiente pudor como para que resulte épico-lírica e en absoluto exhibicionista.
- ❖ Por outra banda, e debido a que os libros que a compoñen mestúranse entre si formando un corpo único, poderíamos considerar a obra de Rivas como un “artefacto”.

# A SÚA OBRA POÉTICA

- ❖ Polo que respecta á súa obra poética, en castelán publicou as antoloxías
  - *El pueblo de la noche* (1997) e *El pueblo de la noche y mohicana revisitada* (2004), traducidas do galego polo propio autor.
  - *La desaparición de la nieve* (2009): os poemas, escritos orixinalmente en galego, aparecen na súa versión orixinal e traducidos ás outras tres linguas cooficiais: o castelán, o catalán e o eúscaro.


## *O POBO DA NOITE* (1997)

- ❖ Selección de poemas realizada polo propio Manuel Rivas.
- ❖ Recolle as súas mellores composicións desde o ano 1980 ata 1996.
- ❖ Como o resto da súa obra literaria, a súa poesía é comprometida, cargada de humor, tenrura e unha fina ironía, o que lle permite un achegamento moi próximo co lector.



# A DESAPARICIÓN DA NEVE (2009)

- ❖ Obra novedosa desde a súa concepción.
- ❖ Selección de poemas editados nun mesmo volume en galego, catalán, eúscaro e castelán.
- ❖ Obra concibida como un ser vivo e escrita sobre un manto de neve, debido a que baixo a súa aparente frialdade non se esconde máis que unha latente primavera.
- ❖ Para Manuel Rivas, escribir é tan só un desxeo, que descobre cousas que sempre estiveron aí, pero que simplemente non se vían.
- ❖ Ofrécenos unha mirada sobre a natureza, e tamén sobre o ser humano e o mundo que lle rodea.
  - Non con finalidade contemplativa, senón como unha maneira de destacar as súas feridas e cicatrices.



# BLUES

Só a noite é o paraíso: dormen os homes.

Os soños abren las xanelas

e lámbense as feridas nas praias e nas beiras  
dos ríos.

Os soños cantan coa gorxa xeadá.

Como escravos, fan tocar os tambores.

Neste breve poema de Manuel Rivas podemos observar algunhas das características principais da súa obra poética.

A máis evidente é a falta de rima, como “despreza” a métrica, así como a sencillez dos seus versos, contraponéndose así ao excesivo culturalismo e esteticismo propio da poesía galega da década dos oitenta.

Ademais, presenta un tema cotiá, os soños, mais o trata cunha mirada intimista.